

1 Introdución a AWS Academy

AWS Academy proporciona aos estudantes e profesores acceso gratuito á tecnoloxía AWS, cursos na nube, ferramentas de formación e colaboración para desenvolver a próxima xeración de profesionais da tecnoloxía na nube.

As rutas profesionais na nube proporcionan aos estudantes acceso a créditos, formación e a opción de escoller a súa carreira na nube.

Que é AWS Academy?

Ofrece un currículo AWS para institucións educativas con formación "post-secundaria" para axudar aos estudantes a desenvolver habilidades de computación na nube baixo demanda e prepararse para a certificación AWS recoñecida pola industria da nube.

A proposta de Amazon AWS no ámbito educativo é clara con estes dous programas e a integración en ciclos é un traballo moi interesante que complementa os contidos dos módulos impartidos.

- Este programa facilita o uso das tecnoloxías de Amazon ó alumnado e profesorado do IES San Clemente, de **xeito gratuito** (sen a necesidade de introducir ningunha tarxeta de crédito).
- En principio otórganse unha serie de créditos para poder facer uso dos servizos cloud que Amazon ofrece durante **1 ano**. A parte deses servizos que se poden empregar usando eses créditos, hai a posibilidade por exemplo de ter unha máquina virtual gratuita funcionando durante 1 ano (f1-micro). Pódense ver os servizos otorgados na capa gratuita en:
<https://aws.amazon.com/es/free/?all-free-tier.sort-by=item.additionalFields.SortRank&all-free-tier.sort-order=asc>

Restriccións das contas AWS Academy

- O programa AWS Academy é máis restrictivo có programa AWS Educate que tiñamos anteriormente.
- Por exemplo as estancias EC2 soamente funcionan durante 4 horas e páranse soas a non ser que lle demos a Start Lab de novo para resetear o contador.
- Están limitadas as imaxes dispoñibles en EC2, permitíndose soamente o uso nestes intres das desenvolvidas por Amazon, e algunha a maiores como Centos..
- A rexión predeterminada é a de **Norte de Virginia en USA** e non se pode cambiar.
- Estas contas de inicio de AWS Academy son xestionadas por un terceiro (chamado Vocareum). Os termos e condicións entre os estudantes e Vocareum non son os mesmos que ofrece Amazon no seu nivel gratuito, e é por iso, que **o nivel gratuito que ofrece Amazon por defecto para as contas normais, non se pode aplicar ás contas AWS Educate**.
- **Non se precisa tarxeta de crédito** para as contas de AWS Academy, xa que se ofrecen créditos promocionais (100\$) na mesma conta para cada estudante.
- **Cando se esgota o saldo da conta, péchase a conta e elimínanse os servizos ou outros recursos da conta.**

Outras consideracións sobre AWS Academy:

- O profesorado será o encargado de inscribir aos alumnos no programa.
- Os profesores accederán ao programa como instrutor e poderán crear cursos cunha data de inicio e fin e inscribir aos alumnos que queiran.
- O profesorado terá a oportunidade de obter os seus títulos para ser instrutor acreditado por Amazon.
- Os estudantes poderán levar de balde os diferentes módulos de formación predefinidos en Amazon, aprender as diferentes tecnoloxías dispoñibles, etc.
- Os estudantes poderán crear máquinas virtuais en Amazon EC2, pero con varias restricións:
 - ♦ As imaxes dispoñibles no nivel gratuito por agora están limitadas a imaxes creadas por Amazon, algúns CentOS e (non fun capaz de lanzar ningunha instancia con Ubuntu ou Debian, por exemplo).
 - ♦ As máquinas funcionarán durante 4 horas. Se non facemos nada ás 4 horas paran. Teríamos que premer de novo Start Lab para restablecer o contador de novo 4 horas máis.
 - ♦ Para acceder ás contas AWS de Vocareum (para xestionar todos os servizos de Amazon) terás que facelo desde calquera módulo que teña un laboratorio: inicia o laboratorio e fai clic en AWS na parte superior.